

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA E A SOCIEDADE GALEGA DE MEDIO AMBIENTE (SOGAMA) PARA A AXUDA Á HABILITACIÓN DUNHA INSTALACIÓN ESPECÍFICA PARA TRATAR RESIDUOS SANITARIOS (TIPO II E III) OPERACIÓN SUSCEPTIBLE DE FINANCIAMENTO AO 100% NO MARCO DO EIXO REACT-UE DO PROGRAMA OPERATIVO FEDER GALICIA 2014-2020 COMO RESPONSA DA UNIÓN EUROPEA Á PANDEMIA DO COVID-19.**

## REUNIDOS

Por un lado, a Xunta de Galicia (S1511001H), representada no presente acto por Dona Ángeles Vázquez Mejuto en calidade de Conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia, nomeada polo Decreto 112/2020, do 6 de setembro, polo que se nomean os titulares das Vicepresidencias e Consellerías da Xunta de Galicia, en relación ao establecido no Decreto 110/2020, do 6 de setembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, quen intervén no exercicio das facultades atribuídas polo artigo 34.10 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e a súa Presidencia, en relación ao Decreto 42/2019, do 28 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

Por outro lado, a Sociedade Galega de Medio Ambiente, S.A. (en diante SOGAMA), representada por Don Javier Domínguez Lino, en calidade de Presidente da mesma, en virtude do Acordo do Consello de Administración da Sociedade con data 11 de febreiro de 2015, que intervén exercendo as facultades atribuídas mediante a delegación de poder do propio Consello de Administración outorgado na mesma data do seu nomeamento como Presidente da Sociedade á que representa.

Interveñen no exercicio do seu cargo e, na representación que ostentan, recoñécense en- tre si capacidade legal para subscribir o presente Convenio e, para ese efecto,

## MANIFESTAN

**Primeiro.** - A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, tal como recolle o artigo 1 do Decreto 42/2019, do 28 de marzo, polo que se establece a súa estrutura orgánica ten atribuídas competencias e funcións en materia de medio ambiente, ordenación do territorio e urbanismo e conservación do patrimonio natural, paisaxe e vivenda,



conforme ao establecido no Estatuto de Autonomía para Galicia nos termos sinalados na Constitución española.

A Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático, sucedida na estrutura da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda pola actual Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático en virtude do Decreto 130/2020, do 17 de setembro, polo que se fixa a estrutura orgánica das Vicepresidencias e das Consellerías da Xunta de Galicia, de acordo co artigo 10 do Decreto 42/2019, exercerá as competencias e funcións en materia de avaliación e control da incidencia que sobre o ambiente provoque a actividade humana, o fomento de sistemas e estratexias de corrección da devandita incidencia, a avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente, a xestión de sistemas de observación ambiental e predición meteorolóxica de Galicia e o impulso da investigación ambiental e o desenvolvemento tecnolóxico para o logro da adecuada protección ambiental, incluíndo diversas atribucións en materia de planificación e control da xestión de residuos.

**Segundo.** - A situación de emerxencia xerada pola evolución do coronavirus (SARS-COV-2) levou á declaración do estado de alarma por parte do Goberno de España que tivo lugar mediante o Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo de 2020, coa finalidade de xestionar a situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.

Así mesmo, o 13 de marzo de 2020 publícase no DOG a Resolución da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, da mesma data, pola que se da publicidade ao Acordo do Consello da Xunta de Galicia, aprobado o referido 13 de marzo de 2020, polo que se declarou a situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e se activou o Plan territorial de emerxencias de Galicia (PLATERGA) no seu nivel IG (emerxencia de interese galego), como consecuencia da evolución da pandemia do coronavirus (COVID-19).

A disposición adicional segunda do RD 646/2020 prevé normas de xestión de residuos domésticos, tanto para o seu manexo domiciliario en fogares con pacientes, ou en coretena por COVID-19 como para a súa xestión posterior, así como sobre a xestión dos residuos procedentes de hospitais, ambulancias, centros de saúde, laboratorios, e establecementos similares en contacto con COVID-19, completando neste último caso o



establecido no artigo 8 do Real Decreto-lei 21/2020, do 9 de xuño, de medidas urxentes de prevención, contención e coordinación para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, no que respecta á eliminación dos residuos nos centros, servizos e establecementos sanitarios.

O texto establece que, se os gromos asociados ao COVID-19 fan imposible a xestión ordinaria dos residuos referidos no Real Decreto, as autoridades sanitarias e ambientais competentes das comunidades autónomas poderán adoitar medidas de carácter excepcional, precisando as medidas autorizadas e o seu ámbito temporal e espacial de aplicación. Para estes efectos, poderá autorizarse a co-incineración de residuos en instalacións de fabricación de cemento autorizadas para iso, así como a recollida diferenciada de bolsas procedentes de centros ou lugares onde se dea un elevado nivel de afectados por COVID-19.

Polo anterior, o 13 de abril do 2020 SOGAMA, na súa condición de servizo público, dada a situación de emerxencia existente e tras unha solicitude do Servizo Galego de Saúde, solicita Autorización con carácter excepcional e provisional, para a xestión dos residuos hospitalarios en posible contacto con COVID-19 debido ao incremento na xeración destes residuos por mor da crise sanitaria.

Para realizar o tratamento, SOGAMA elaborou un proxecto para a habilitación dunha liña de tratamento específica e diferenciada da propia xestión de tratamento de residuos urbanos, dentro do plan de acción que creou coa finalidade de garantir a prestación do seu servizo público, someténdose a avaliación por parte da Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, quen emitiu a correspondente autorización administrativa o 14 de abril de 2020, sendo o órgano competente para resolver estes procedementos en base ao Decreto 42/2029 de 28 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda. Nesta nova liña realízase un tratamento previo dos residuos sanitarios mediante trituración e posterior transporte, mediante sistema pneumático ao interior da caldeira para a súa incineración, garantindo así, tanto a seguridade e a saúde dos traballadores como as condicións de emisións e parámetros establecidos na Autorización Ambiental Integrada (AAI) de SOGAMA.



Os tipos de residuos sanitarios cuxa xestión xorde de forma excepcional son os seguintes:

- Clase I e clase II: Residuos urbanos ou residuos non perigosos asimilables a urbanos, con carácter non perigoso.
- Clase III: Residuos perigosos biocontaminados. Fundamentalmente EPIS, asimilables e outros residuos que non presentan risco de derrame.

A operativa de SOGAMA resulta axeitada ás instrucións dictadas no seu momento polo Ministerio de Sanidade e o Ministerio para a Transición e o Reto Demográfico, que indicaban que os residuos sanitarios de baixo risco serían depositados en vertedoiro ou ben se destinarían a valorización enerxética, dando preferencia a esta última opción por ser plenamente compatible coa protección do medio ambiente e a saúde.

No Complexo industrial de SOGAMA, os desperdicios son valorizados a máis de 850° C, temperatura coa que se garante a destrución de patóxenos e outros axentes nocivos, e todo elo empregando tecnoloxías innovadoras en control ambiental e depuración de gases.

Idéntica operativa foi seguida no resto de Comunidades Autónomas que contaban con este tipo de instalacións.

Resulta tamén de aplicación a Lei 38/2015, de 26 de febreiro, de residuos sanitarios de Galicia e o Plan de Residuos Industriais de Galicia (PRIGA).

**Terceiro.** - De conformidade co disposto no artigo 19.4.c da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, con carácter excepcional, poderán concederse de forma directa, as subvencións nas que se acredite un interese público, social, económico ou humanitario, ou outras causas debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.

De acordo co artigo 26.1 da citada Lei, os Convenios serán o instrumento habitual para canalizar este tipo de subvencións.



**Cuarto.** - Que no presente Convenio concorren os requisitos de interese público que esi-xe o artigo 19.4.c da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia, pois como xa se puxo de manifesto no expoñendo segundo, a chegada do Covid-19 trouxo consigo, ademais dunha emerxencia sanitaria sen precedentes na historia moderna, un notable impacto ambiental derivado, entre outros factores, do incremento exponencial na produción de residuos sanitarios froito da alta presión de pacientes nos centros de saúde (hospitais, ambulatorios, etc).

Debido á referida situación e para evitar que, dun grave problema de saúde pública emerxera outro derivado da inadecuada xestión desta fracción de desperdicios, emitiuse a correspondente autorización administrativa para que SOGAMA levase a cabo este cometido pensando sempre no interese xeral.

Por outra banda, o carácter social da actuación é un elemento nuclear, xa que o fin último desta actuación é o de tratar estes desperdicios por parte de SOGAMA en calidade de empresa pública autonómica prestando así un servizo básico e esencial á Comunidade.

Resulta de vital importancia a referida prestación debido á incapacidade de absorber eses desperdicios por parte das plantas encargadas do tratamento dos mesmos e ante a petición por parte do SERGAS (Servizo Galego de Saúde).

**Quinto.** - Que as actuacións contempladas no presente convenio son susceptibles de financiamento ao 100% con FEDER no marco do Eixo REACT-UE "Favorecer a reparación da crise no contexto da pandemia Covid-19 e as súas consecuencias sociais, e preparar unha recuperación verde, dixital e resiliente da economía", no marco do Obxectivo Específico 20.01.01 "Productos e servizos para os servizos de saúde", do Programa Operativo FEDER Galicia 2014-2020. Concretamente, encaixa na liña de actuación 67: mellora no tratamento de residuos sanitarios, categoría de Intervención 019: Xestión de residuos comerciais, industriais ou perigosos.

Polo tanto, será de aplicación a normativa comunitaria aplicable ao FEDER, en particular o Regulamento (UE) 1303/2013, do 17 de decembro do Parlamento Europeo e do Consello, polo que se establecen disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desen-



volveremento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural e ao Fondo Europeo Marítimo e de pesca, e derróga-se o Regulamento (CE) nº 1083/2006 do Consello (en diante, RDC) e as súas modificacións; o Regulamento Delegado (UE) 480/2014 da Comisión, do 3 de marzo de 2014 e demais normativa comunitaria de desenvolvemento.

**Sexto.** - En cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, o texto do convenio e a documentación requirida no ordinal oitavo do devandito artigo, será comunicado á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

**Sétimo.** -Que existe dotación orzamentaria axeitada e suficiente para atender á subvención na Aplicación Orzamentaria 08.02.541D.741.02 do proxecto 2021 00038 denominado "Habilitación dunha instalación específica para tratar residuos sanitarios (Tipo II e III)"

**Oitavo.** - Que conforme ao artigo 70.2 da Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia, na concesión directa de subvencións, cando con carácter excepcional se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública, prevista no artigo 19.4.c da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, estará suxeita ás previsións do artigo 26.3 que fan referencia á autorización previa do Consello da Xunta, para estes fondos, cando o importe supere os 300.000 euros.

**Noveno.**- Esta subvención atópase excluída da aplicación da normativa de axudas de Estado que se recolle no artigo 107 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea, tal e como se explica no anexo 2 do presente convenio.

En virtude do exposto, establece o presente Convenio de Colaboración, conforme ás seguintes



## CLAÚSULAS:

### **Primeira. -Obxecto do Convenio.**

O presente Convenio ten por obxecto establecer as condicións da axuda da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda a SOGAMA para a xestión e o tratamento previo dos residuos sanitarios afectados polo COVID-19 para a súa valorización enerxética. En concreto consiste no financiamento dunha instalación específica e temporal onde se levou a cabo a trituración e posterior transporte pneumático, ao interior da caldeira para a súa incineración, garantindo así tanto a seguridade e a saúde dos traballadores como as condicións de emisións e parámetros establecidos na Autorización Ambiental Integrada (AAI).

Mediante o presente convenio instrumentase a concesión dunha subvención directa por razóns de interese público, social e económico de acordo cos artigos 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvenciones de Galicia e o 70 da lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia, polo que o seu contido ten o carácter de bases reguladoras da subvención e de Documento polo que se Establecen as Condicións da Axuda (DECA) ao beneficiario, esixido pola normativa aplicable ao fondo FEDER.

### **Segunda.-Actuacións subvencionables.**

Serán subvencionables as actuacións relativas á xestión e tratamento dos residuos sanitarios afectados polo Covid-19 incluíndo os gastos derivados das inversións, operacións en residencias, aluguer de equipos e carpa, operación e desinfección.

Os tipos de residuos sanitarios e os equipos necesarios para o tratamento dos mesmos son os que figuran no Anexo I do Convenio co desglose do seu custo.

Para a xustificación da axuda o método de custos empregados é o de custos reais (art.67.1 do Regulamento (UE) nº1303/2013).

Non será subvencionable o imposto sobre o valor engadido cando sexa recuperable conforme á lexislación nacional sobre o IVE.

De conformidade co Regulamento (UE) 2020/2221 do Parlamento Europeo e do Consello do 23 de decembro de 2020, que modifica o RDC, polo que se crea o artigo 92, ter Dispo-



sición de execución para os recursos REACT-UE, e tal e como se recolle nos apartados 11 e 13, serán elixibles as actuacións iniciadas con posterioridade ao 1 de febreiro do 2020, podendo seleccionarse operacións xa concluídas materialmente como excepción contemplada en resposta a crise do Covid no eixo REACT-UE "Favorecer a reparación da crise no contexto da pandemia Covid-19 e as súas consecuencias sociais, e preparar unha recuperación verde, dixital e resiliente da economía".

En todo caso, respecto á elixibilidade dos gastos, deberán cumprirse as normas da Orde HPF/1979/2016, do 29 de decembro, pola que se aproban as normas sobre os gastos elixibles dos programas operativos do FEDER para o período 2014-2020, modificada por Orde HAC/114/2021, de 5 febreiro 2021.

### **Terceira. - Financiamento e contía máxima da subvención.**

Os gastos orixinados pola execución do Convenio serán financiados a través de subvención directa da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, por razóns de interese público, social e económico. O importe total ascende a novecentos oitenta e dous mil oitocentos vinte e oito euros con vinte e cinco céntimos, (982.828,25 €) con cargo á aplicación orzamentaria 08.02.541D.741.02 do proxecto 2021 00038 denominado "Habilitación dunha instalación específica para tratar residuos sanitarios (Tipo II e III)"

O devandito importe queda distribuído da seguinte maneira:

ANO	INVESTIMENTO SOGAMA	SUBVENCIÓN
2021	1.087.208,25 €	982.828,25 €

### **Cuarta.- Incompatibilidade con outras axudas.**

A presente subvención será incompatible con outras axudas ou subvencións, para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración, entes públicos ou privados nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

### **Quinta. -Compromisos e obrigas do beneficiario.**

SOGAMA comprométese a presentar, con anterioridade á firma do convenio, a seguinte documentación:





- Declaración responsable de que o beneficiario ten capacidade administrativa, financeira e operativa suficiente para cumprir as condicións de convenio (RDC art. 125.3.d)
- Certificacións que acrediten que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pago ningunha outra débeda coa Administración Pública da Comunidade Autónoma, en cumprimento dos artigos 11.e) dá Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no caso de que se opoña á súa consulta por a Administración.
- Declaración responsable relativa a outras subvencións, axudas ou ingresos que financien as actividades subvencionadas (especificando as actuacións realizadas, os importes e as datas dos pagos)
- Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para a obtención de subvencións contempladas no artigo 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Sen prexuízo dos demais deberes que resulten do artigo 11 da Lei 9/2007, así como daqueloutras que se indican no convenio, o beneficiario da subvención queda obrigado a:

1. Xustificar as actuacións xa executadas dentro do período elixible, que son obxecto da subvención nos termos e prazos establecidos no convenio.
2. Cumprir a normativa comunitaria, estatal e autonómica de aplicación, en particular, a normativa aplicable ao FEDER, en concreto, o Regulamento (UE) n.º 1303/2013, e o Regulamento (UE) n.º 1301/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, sobre o Fondo europeo de desenvolvemento rexional e sobre as disposicións específicas relativas ao obxectivo de investimento en crecemento e emprego, e polo que se derroga o Regulamento (CE) n.º 1080/2006 e as súas modificacións, así como a normativa comunitaria, estatal e autonómica de desenvolvemento dos citados regulamentos.
3. Someterse ás actuacións de comprobación que deba efectuar o órgano concedente, ás de control financeiro que correspondan á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, así como a Intervención Xeral da Administración Xeral do Estado, en relación coa subvención concedida, ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas, as comprobacións e verificacións que realizará o organismo intermedio, ás da autoridade de xestión, ás



comprobacións do artigo 125.5 do Regulamento (UE) n.º 1303/2013 e, de ser o caso, dos servizos financeiros da Comisión Europea e do Tribunal de Contas Europeo ou calquera outra instancia comunitaria de control e achegar canta información lles sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

4. Manter un sistema de contabilidade separado ou un código contable idóneo que facilite unha pista de auditoría apropiada en relación con todos os gastos correspondentes cos investimentos realizados e conservar a documentación xustificativa relativa aos gastos financiados durante un período de tres anos, a partir de 31 de decembro seguinte á presentación das contas nas que estean incluídos os gastos da operación (en aplicación do artigo 140.1 do Regulamento (UE) n.º 1303/2013). O órgano concedente informará á entidade beneficiaria da data de inicio á que se refire este deber.
5. Proceder ao reintegro, total ou parcial, dos fondos percibidos, máis os xuros de mora acumulados desde o momento do pago da subvención ata a data na que se acorde a orixe do reintegro, no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión, nos casos previstos no Título II da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.
6. En relación coa publicidade do financiamento, de conformidade co previsto no anexo XII, apartado 2.2, do Regulamento (UE) n.º 1303/2013, e atendendo ao sinalado no capítulo II do Regulamento de execución (UE) n.º 821/2014 da Comisión, do 28 de xullo de 2014, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (UE) n.º 1303/2013, a entidade beneficiaria deberá:
  - a) Recoñecer o apoio do FEDER á operación en todas as medidas de información e comunicación e medidas para aumentar a visibilidade que leve a cabo, mostrando o emblema xunto coa referencia á Unión Europea e facendo referencia ao FEDER e a que a operación está financiada como parte da resposta da Unión á pandemia do COVID-19". Tamén se incluírá o lema "Unha maneira de facer Europa" sempre que sexa posible.
  - b) Informar ao público do apoio obtido facendo unha breve descrición no seu sitio da internet, no caso de que dispoña dun, da operación, de maneira proporcionada ao nivel do apoio prestado, cos seus obxectivos e resultados, e destacando o apoio financeiro da Unión Europea.



- c) No prazo dun mes seguinte á sinatura deste convenio, colocarse un cartel ou placa permanente de tamaño significativo. Este cartel ou placa permanente deberán colocarse nun lugar ben visible para o público como, por exemplo, a entrada dun edificio, e indicarán o nome e o obxectivo principal da operación e prepararanse de acordo coas características técnicas recollidas no artigo 5 do Regulamento nº 821/2014.
7. Aplicar medidas antifraude eficaces e proporcionadas no seu ámbito de xestión (art. 125.4.c do Regulamento (UE) Nº 1303/2013 ) proporcionando información para a detección de posibles indicios de fraude (“bandeiras vermellas”). A detección de feitos que puideran ter sido constitutivos de fraude ou irregularidade serán comunicados ao Servizo Nacional de Coordinación Antifraude (SNCA) nos termos establecidos na Comunicación 1/2017 do SNCA, do 6 de abril, sobre a forma na que poden proceder as persoas que teñan coñecemento de feitos que poidan ser constitutivos de fraude ou irregularidade en relación con proxectos ou operacións financiados total ou parcialmente con cargo a fondos procedentes da Unión Europea. A detección de irregularidades pode implicar a aplicación de correccións financeiras e a solicitude de devolución dos importes percibidos indebidamente. As irregularidades detectadas no gasto xustificado do beneficiario reducirán a axuda FEDER da operación.
8. Introducir os datos e os documentos dos que sexa responsable, así como todas as súas posibles actualizacións, nos sistemas de intercambio electrónico de datos do órgano concedente, en cumprimento do artigo 122, apartado 3, parágrafo primeiro, do Regulamento (UE) nº 1303/2013 e no artigo 10.1 do Regulamento 1011/2014, do 22 de setembro de 2014.

#### **Sexta. - Prazos de realización das actuacións subvencionadas.**

O prazo de execución da actuacións subvencionadas abrangue desde o 1 de febreiro de 2020 ata o 30 de xuño de 2021.

#### **Sétima - Aceptación da subvención.**

SOGAMA acepta expresamente a subvención coa sinatura do presente Convenio, comprometéndose a cumprir o convenio nos seus propios termos.



A aceptación da axuda supón aceptar a inclusión da operación e os seus datos na lista de operacións prevista no art. 115.2 do RDC e de acordo aos requisitos previstos no Anexo XII de dito regulamento que se publicará no portal da Dirección Xeral de Fondos Comunitarios do Ministerio de Facenda : <https://www.dgfc.sepg.hacienda.gob.es/sitios/dgfc/ese/loFEDER1420/porFEDER/Paginas/inicio.asp>

### **Oitava.- Xustificación das actuacións subvencionables.**

Para a xustificación económica deberá presentarse a documentación que se sinala a continuación:

1. Certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería Xeral da Seguridade Social e a Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, conforme o beneficiario está ao día nos seus deberes tributarios, no caso de que se opoña á súa consulta por parte do órgano xestor.
2. Un resumo da execución, desagregando os distintos conceptos de gasto elixibles, o importe (IVE excluído), e a data dos gastos e do pago.
3. Documentación xustificativa do gasto: documentos acreditativos dos gastos consistentes en facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, segundo o establecido no artigo 28.3 da Lei 9/2007 e no artigo 48 do Decreto 11/2009. As facturas deberán conter información suficiente que permita relacionala co gasto xustificado.
4. Documentación xustificativa do pago: copia de transferencias bancarias, certificacións bancarias ou extractos bancarios, ou documentos obtidos a través da banca electrónica. Nestes documentos deberán estar claramente identificados o receptor e o emisor do pago que deberán ser o emisor da factura e o beneficiario da axuda, respectivamente, así como o número e o importe total da factura obxecto do pago.
5. Declaración responsable relativa a outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas.



SOGAMA deberá respectar na tramitación dos procedementos de licitación das actuacións financiadas a Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, no que lle resulte de aplicación. Para ese efecto, coa documentación xustificativa achegarse certificación expedida pola persoa responsable do control de legalidade de SOGAMA na que se acredite que se respectaron os procedementos de contratación pública, no que lle resulte de aplicación. A consellería poderá solicitar a documentación relativa ás contratacións efectuadas polo beneficiario.

Para a xustificación do cumprimento dos deberes de publicidade achegarse documentación xustificativa (documentación gráfica, fotografías ou calquera outro soporte probatorio) que acredite devandito cumprimento .

A presentación da documentación xustificativa realizarase, como máximo no prazo dun mes desde a sinatura do convenio.

A comprobación material do investimento, que debe realizar o órgano concedente, en cumprimento do artigo 30.2 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, ao tratarse dunha subvención de capital superior a 60.000 euros destinada a investimentos en activos tangibles, poderase substituír pola xustificación documental que constate de forma razoable e suficiente a realización da actividade subvencionada tal como se reflicte no apartado 3, dado que se trata dunha instalación provisional e desmontable.

#### **Novena. - Pago da subvención.**

O importe do crédito consignado pagarase trala presentación das facturas e o cumprimento da demais documentación xustificativa recollida na cláusula anterior, previa xustificación das actuacións realizadas segundo se detalla no anexo I.

#### **Décima. -Modificación do Convenio.**

O presente Convenio poderá ser modificado a proposta de calquera das partes, mediante a subscripción dunha addenda ao mesmo, formalizada antes da finalización do Convenio.



Dará lugar á modificación do convenio polo órgano que o ditara, sen que en ningún caso poida variarse o destino ou finalidade da subvención, a alteración das circunstancias ou requisitos subxectivos e obxectivos tidos en conta para a concesión da subvención.

A modificación do convenio notificarase con carácter previo á Dirección Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos a efectos da modificación do DECA.

#### **Décimo primeira. - Comisión de seguimento**

Para o correcto seguimento das accións do convenio, crearase unha comisión de seguimento, paritaria entre representantes da Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático e SOGAMA encargada de resolver as posibles controversias que puideran xurdir na aplicación deste convenio.

O funcionamento da Comisión de seguimento rexerese pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público.

#### **Décimo segunda. - Entrada en vigor e duración.**

O presente Convenio perfeccionarase coa sinatura das partes. O prazo de execución da actuación finaliza o 30 de xuño de 2021. O prazo de vixencia deste convenio abrangue desde o momento da súa formalización ata o 31 de decembro de 2021, que se considerará como data de remate da operación a efectos do DECA, polo que a axuda deberá estar totalmente pagada.

Non obstante, serán imputables ao mesmo os gastos que correspondan de maneira indubidable á natureza da subvención, realizados con anterioridade á súa formalización, sempre que estean debidamente xustificadas e se realizasen entre o 1 de febreiro de 2020 e o 30 de xuño de 2021.

#### **Décimo terceira. - Resolución do Convenio e reintegro da axuda**

Ademais do cumprimento do prazo de finalización do convenio, será causa de extinción o incumprimento de calquera das partes dos compromisos asumidos por mutuo acordo entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e SOGAMA, así como o incumprimento da lexislación aplicable.



Este convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto e, ademais, por incorrer nalgunha das seguintes causas de resolución, segundo establece o artigo 51.2 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público:

- a) O acordo unánime de todos os asinantes.
- b) O incumprimento das obrigacións e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.

Neste caso, calquera das partes, poderá notificar á parte que incumpra un requirimento para que cumpra no prazo dun mes coas obrigacións ou compromisos que se consideran incumpridos. Este requirimento será comunicado á Comisión de seguimento.

Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistise o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará á outra parte a concorrencia da causa de resolución e entenderase resolto o convenio.

- c) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- d) Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

Sen prexuízo do anterior, nos supostos contemplados nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, de Subvencións de Galicia, procederá esixir o reintegro das cantidades percibidas, incrementadas cos xuros legais establecidos na normativa vixente. A tramitación do expediente de reintegro levará a cabo de acordo co procedemento establecido no título II da Lei 9/2007, e no título V do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

1. O incumprimento total dos fins/obxectivos do convenio, determinado a través dos mecanismos de seguimento e control, ou da obriga de xustificación, serán causa da perda do dereito á cobranza, ou do reintegro total da subvención.
2. O incumprimento parcial dos obxectivos ou a non execución das actividades concretas da operación dará lugar á perda parcial do dereito de cobranza da subvención nas porcentaxes que se determinen nos parágrafos seguintes ou, de ser o caso, ao reintegro parcial da subvención.

O alcance de incumprimento determinarase en proporción ao investimento deixado de practicar ou indebidamente practicada e minorarase a subvención proporcionalmente.

3. Procederá o reintegro parcial nos seguintes casos:



- a) Non dar publicidade ao financiamento da operación, de acordo co establecido na cláusula quinta do convenio suporá un reintegro do 2% da subvención concedida.
- b) No caso do incumprimento da obriga de manter un sistema de contabilidade separado ou un código contable adecuado, en relación con todas as transaccións relativas aos gastos subvencionables que permita seguir unha pista de auditoría sobre os gastos financiados con FEDER, sen prexuízo das normas xerais da contabilidade, suporá un reintegro do 2% da subvención concedida.

No caso de condicións que constitúan obrigas que o beneficiario deba acreditar en fase de xustificación, estas deberán xustificarse en todo caso para poder proceder ao pago da subvención, polo que a gradación fixada neste apartado só resultará aplicable para os supostos de reintegro, no caso de que se detecten en controis posteriores ao pago dalgún incumprimento relativo a esas obrigas.

#### **Décimo cuarta. - Réxime xurídico do convenio e cuestións litixiosas.**

O presente convenio terá carácter administrativo, sen que en ningún caso poidan derivarse del dereitos ou deberes de carácter laboral. Os seus efectos rexeranse polo establecido nas cláusulas do mesmo, a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público, a Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei. E no non previsto aplicaráselle os principios da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, para resolver as posibles dúbidas que poidan xurdir.

A Administración gozará de todas as prerrogativas inherentes á natureza administrativa do convenio, polo que as cuestións xurdidas acerca da interpretación, modificación ou efectos do convenio, serán resoltas pola persoa titular da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda poñendo os seus acordos fin á vía administrativa.

Contra estes acordos poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición, no prazo dun mes, ante o mesmo órgano que os ditase, segundo o previsto nos artigos 123 e 124





da Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento administrativo común das Administracións Públicas, ou poderá interpoñerse, directamente ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación do acto que pon fin á vía administrativa, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

#### **Décimo quinta. Publicidade do convenio, transparencia e bo goberno.**

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso do interesado á Administración para incluír e facer públicos os datos referidos ao convenio de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, co artigo 8 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

#### **Décimo sexta.- Información básica sobre protección de datos persoais.**

As partes asinantes deste convenio garantirán a confidencialidade dos datos persoais aos que teñan acceso como consecuencia das actuacións realizadas en execución deste e de conformidade co disposto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se deroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poder públicos, conforme ás referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/información-xeneral-proteccion-datos>.

Os datos persoais solicitados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia, Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que se derive da xestión deste procedemento. Os datos serán comunicados á Dirección Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos, na súa condición de Organismo Intermedio do Programa Operativo FEDER Galicia 2014-2020, para os efectos das funcións atribuídas no apartado 2 do art. 125, apartados 3 a 5, e do art. 140 e Anexo XIII, apartado 3 do RDC.



### **Décimo sétima.- Notificación electrónica.**

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, SOGAMA está obrigada a relacionarse electrónicamente coa Administración.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notifica.gal, (<https://notifica.xunta.gal>). Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

E para que así conste para os efectos oportunos, en proba e conformidade, as partes asinan o presente documento.

A Conselleira de Medio Ambiente, Territorio  
e Vivenda

O Presidente da Sociedade Galega de  
Medio Ambiente S. A. (SOGAMA)

Ángeles Vázquez Mejuto

Javier Domínguez Lino



**ANEXO 1.**

Importe: **1.087.208,25 euros sen incluír IVE**

Financiamento REACT-EU: **982.828,25 euros.**

**1.1.- Orzamento detallado de execución por actuacións:**

Actuación	ANO 2020		ANO 2021		TOTAL	
	Sen IVE	Con IVE	Sen IVE	Con IVE	Sen IVE	Con IVE
1.- Investimentos	329.197,22 €	398.328.64 €	-----	-----	<b>329.197,22 €</b>	<b>398.328.64 €</b>
2.- Operacións en residencias	42.212,40 €	46.433.64€ (10%)	-----	-----	<b>42.212,40 €</b>	<b>46.433,64 €</b> (10%)
3.- Aluguer de carpa, equipos, trituradora primaria, bomba de livixiados, casetas, e vestiarios	115.192,00 €	139.382,32 €	209.440,00 €	253.422,40 €	<b>324.632,00 €</b>	<b>392.804,72 €</b>
4.- Operacións de mantemento e limpeza e desinfeccións diarias	141.676,45 €	171.428,50 €	92.935,00 €	112.451,35 €	<b>234.611,45 €</b>	<b>283.879,85 €</b>
5.- Outros (Andamios e vallas) Persoal adicional	16.626,70 €	20.118,30 €	-----	-----	<b>16.626,70 €</b>	<b>20.118,30 €</b>
6.- Montaxe e desmontaxe	69.964,24 €	84.656,73 €	69.964,24 €	84.656,73 €	<b>139.928,48 €</b>	<b>169.313,46 €</b>
<b>TOTAL</b>	<b>714.869,01 €</b>	<b>860.348,13 €</b>	<b>372.339,24 €</b>	<b>450.530,48 €</b>	<b>1.087.208,25 €</b>	<b>1.310.878,61 €</b>

Detalle das actuacións que serán financiadas:

**1.- Investimentos:** Neste apartado recóllense as actuacións necesarias para montar unha infraestrutura nova e independente para non mesturar os residuos sanitarios nin aos traballadores que tratarían con ditos residuos debido á situación de emerxencia sanitaria. Recóllense neste apartado os conceptos incluídos en dúas facturas da empresa Thenomac Galicia S.L. cos seguintes datos:

Nº factura	Nº pedido	Importe sen IVE
20/0024TH(parcial)	2020G-GEREN-0004	230.671,17 €
20/0033TH	2020G-GEREN-0005-OB	98.526,05 €
<b>TOTAL INVESTIMENTOS</b>		<b>329.197,22 €</b>

A factura 20/0024TH acolle os seguintes conceptos, tal e como se desprende da folla de pedido 2020G-GEREN-0004:

- Estudos previos e enxeñería



Proposta de tratamento dos residuos sanitarios, proxecto de construción, tratamento e xestión dos residuos sanitarios cos planos correspondentes e documentación técnica da carpa e equipos. Serviu de base para as correspondentes autorizacións.

- Traballo previo de saneamento e acondicionamento do emprazamento. A ubicación da planta provisional é unha zona de estacionamento que non está preparada para acoller unha infraestrutura industrial, polo tanto houbo que preparar dito estacionamento, saneo da zona, preparación de anclaxes, con acometida eléctrica de auga e de saneamento, así coma unha instalación para a recollida de lixiviados.
- Traslado de 15 módulos prefabricados de vestiarios existentes, empregouse un vestiario prefabricado xa existente nunha nova localización ao lado da carpa de residuos sanitarios para o que houbo que facer tamén acometida eléctrica de auga e de saneamento para ditos vestiarios e unha vez finalizado o servizo devolveos á súa situación anterior.
- Obra civil e equipos (Investimentos-Compras de SOGAMA)

• ÍTEM	• Características técnicas principais
• CT-01	<ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Cinta de alimentación</b></li> <li>• Ancho de banda: 800 mm</li> <li>• Lonxitude: 12.600 mm</li> <li>• Vulcanizadas en quente, Calidade antigrasa e antiaceite, rodamentos SKF, RHI ou similar. Motores de alta eficiencia.</li> </ul>
• CT-02	<ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Cinta de alimentación a trituradora primaria (TT-01)</b></li> <li>• Ancho de banda: 800 mm</li> <li>• Lonxitude: 5.600 mm</li> <li>• Vulcanizadas en quente, Calidade antigrasa e antiaceite, rodamentos SKF, RHI ou similar. Motores de alta eficiencia</li> </ul>
• TT-02	<ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Trituradora secundaria</b></li> <li>• <b>Capacidade:</b> 0,8 t/h de residuos sanitarios</li> <li>• Dimensión total: 1840x2800x4600 mm</li> <li>• Volumen de cámara de corte 1 m<sup>3</sup></li> <li>• Máxima abertura de entrada: 650x1000 mm</li> <li>• Lonxitude do rotor: 1250 mm</li> <li>• Cuchillas do rotor: 10</li> <li>• Dimensión do coitelo: 120x25x630 mm</li> <li>• Diámetro do rotor: 900 mm</li> </ul>



	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Contracuchillas: 4</li> <li>• <u>Motor eléctrico:</u></li> <li>• Potencia: 1x110 kW</li> <li>• Velocidade: 550 rpm</li> <li>• Alimentación eléctrica: 400/50 Hz</li> </ul>
• <b>AF-01</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Campana de extracción de gases TT-01 (a trituradora TT-01 é un equipo alugado)</li> <li>• Construída en acero galvanizado</li> </ul>
• <b>AF-02</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Campana de extracción de gases TT-02</li> <li>• Construída en acero galvanizado</li> </ul>
• <b>VT-01</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Ventilador para impulsión de material triturado</li> <li>• Potencia: 22,5 Kw</li> </ul>
• <b>VT-02</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Ventilador para extracción de gases</li> <li>• Potencia: 7,5 Kw</li> </ul>
• <b>Sistema de extracción de gases zona trituración</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Tubería de 125 mm de diámetro, acero galvanizado. A tubería se monta en tramos de dous metros que se unen mediante bridas.</li> </ul>
• <b>Sistema de evacuación de fume de trituradora</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Tubería metálica de 100 mm con illamento térmico para extracción de fume.</li> </ul>
• <b>Sistema de transporte de material triturado</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Tubería de 280 mm de diámetro de acero galvanizado. A tubería se monta en tramos de dous metros que se unen mediante bridas. Se dispón de liñas de transporte á Caldeira A e á Caldeira B. Se inclúen as válvulas de taxadeira e o rexistro de entrada a ambas caldeiras.</li> </ul>



Obra civil e instalacións (Investimentos realizados por SOGAMA)

<b>Actuacións previas</b>	<p>Adecuación e saneo da superficie de implantación (retirada de materiais, reparación desperfectos, limpeza e desinfección de superficies)</p> <p>Transporte do módulo de vestiarios existentes ao novo emplazamento</p>
<b>Instalación eléctrica e iluminación</b>	<p>Instalación eléctrica segundo Reglamento Electrotécnico para Baja Tensión e Instrucciones Técnicas Complementarias (R.D. 842/2002). Previamente existían 2 interruptores de reserva no CCM da PTE, sendo estes de 250 A e 160 A, suficientes para alimentar aos novos equipos de proceso. Co fin de distribuír as cargas dos equipos dunha maneira uniforme, dispuxéronse dúas liñas de saída (unha por cada interruptor de reserva) cara a nave. Potencia eléctrica total instalada <b>150,2 kW</b></p> <p><b><i>Iluminación</i></b></p> <p>Instaláronse 6 campanas LED de 80 W en dúas filas, en nave de 20x30 m.</p>
<b>Instalación de protección contra incendios</b>	<p>Extintores e sinalización segundo normativa vixente (4 extintores, sinalización medios e evacuacións)</p>
<b>Instalación de recollida de lixiviados</b>	<p>Realizáronse "rebaixes" a modo de canaletas, insertando elementos prefabricados impermeabilizados, co fin de conducir os lixiviados cara unha arqueta de recolección prefabricada, tamén impermeable, na nave de tratamento de 20x30 m. con unas dimensións de 1x1x1 m, desde onde se bombea o lixiviado. Execución de murete na zona perimetral da carpa para evitar a entrada de pluviais ao interior.</p>

A factura 20/0033TH recolle as melloras necesarias na instalación inicial que incluíron os seguintes conceptos, tal e como se desprende da folla de pedido 2020G-GEREN-0005-OB.

- Equipos:
  - Modificación da tolva de trituradora



- Modificación da criba da trituradora secundaria (TT-02)
- Repostos da trituradora.
- Sistemas de aspiración no interior da carpa.
- Modificación de escape da trituradora TT01.
- Traspaleta.
- Dúas aspiradoras.
- Cintas de selado de condutos de transporte e materiais varios.

**2.- Operacións en residencias.** Neste apartado recóllense os conceptos incluídos en dúas facturas da empresa Recikla 2 Lugo S.L.U cos seguintes datos:

Nº factura	Nº pedido	Importe sen IVE
CE-067	2020G-GEREN-0003-SE	24.962,40 €
CE-082	2020G-GEREN-0003-SE	17.250,00 €
<b>TOTAL OPERACIÓNS EN RESIDENCIAS</b>		<b>42.212,40 €</b>

Inclúese a loxística e a xestión dos residuos sanitarios en catro residencias:

- Centro Residencial de Atención Integral "Porta do Camiño" en Santiago de Compostela -A Coruña.
- Centro Residencial de Atención Integral "Baños de Molgas" en Baños de Molgas-Ourense.
- Residencia DOMUSVI Cangas en Cangas-Pontevedra.
- Residencia DOMUSVI Barreiro en Vigo-Pontevedra.

O servizo prestado consistiu na recollida dos residuos sanitarios por Covid en cada residencia, o transporte e tratamento ata Sogama. Recollendo un total de 630 caixas de residuos, o que supuxo aproximadamente 4.400 kg de residuos sanitarios procedentes das residencias integrais definidas polo Sergas.

### **3.- Aluguer de carpa, trituradora primaria, bombas de livixiados, casetas e vestiarios.**

Neste apartado recóllense os conceptos incluídos nas seguintes facturas da empresa Thenomaq Galicia S.L. cos seguintes datos:



Nº factura	Nº pedido	Importe sen IVE
20/0035TH parcial	2020G-GEREN-0004	31.416,00 €
20/0037TH parcial		31.416,00 €
20/0099TH parcial	2020G-GEREN-0006-SE	10.472,00 €
21/0001TH parcial		41.888,00 €
21/0006TH parcial		41.888,00 €
21/0010TH parcial		41.888,00 €
21/0018TH parcial		41.888,00 €
21/0021TH		41.888,00 €
21/0027TH		41.888,00 €
<b>TOTAL ALUGUER</b>		

Neste apartado inclúense os gastos recollidos nos pedidos e facturas recollidos na táboa:

- Nas facturas correspondentes ao pedido 2020G-GEREN-0004 recóllense os gastos correspondentes a oito semanas de aluguer de equipos e carpa.
- Nas facturas correspondentes ao pedido 2020G-GEREN-0006-SE recóllense os gastos correspondentes a:
  - Aluguer de 26 semanas de trituradora primaria, casetas de obra e vestuarios.
  - Aluguer de 26 semanas de carpa.

Para non mesturar o tratamento dos residuos cos residuos urbanos, as maquinarias e os vestiarios, así como o persoal, alugouse o seguinte:

- Aluguer de carpa 20 x30m con 9,20m de altura central con estrutura modular de aluminio e totalmente cuberta.
- Módulo de vestiario totalmente independente ao resto do complexo de 15 m2 con aseo incluído.
- Trituradora TT01 TDS 820 , coas seguintes características, dous eixos xemelgos de baixa velocidade (0-40 rpm), dimensións do eixo 2000mm de lonxitude e 700mm de diámetro, esforzo de torsión por eixo 100.000Nm, 9 discos por eixo e 4 dentes por eixo, con motores Scania DC13 330Kw (440CV9 Tier IV e Scania DC13 371 Kw ( 497 CV)

**4.-Operación, mantemento e limpeza da planta e desinfección.** Neste apartado inclúense os gastos da operación e desinfección, cada día de traballo, unha vez finalizado o procesamento de todo o material procedíase á desinfección por unha empresa exterior especializada nesas funcións.





Nº factura	Nº pedido	Importe sen IVE
20/0035TH parcial	2020G-GEREN-0004	39.892,26 €
20/0037TH parcial		51.175,19 €
20/0099TH parcial	2020G-GEREN-0006-SE	13.955,00 €
21/0001TH parcial		36.654,00 €
21/0006TH parcial		18.587,00 €
21/0010TH parcial		55.761,00 €
21/0018TH parcial		18.587,00 €
<b>TOTAL OPERACIÓN, MANTEMENTO E LIMPEZA E DESINFECCIÓN</b>		<b>234.611,45 €</b>

- Nas facturas correspondentes ao pedido 2020G-GEREN-0004 recóllense os gastos correspondentes a oito semanas de operación e desinfección.
- Nas facturas correspondentes ao pedido 2020G-GEREN-0006-SE recóllense os gastos correspondentes a 10 semanas de operación, mantemento e limpeza da planta e 50 semanas de desinfección diaria.

**5.- Outros (Alugueres de andamios e vallas e persoal adicional):** Neste apartado recóllense os conceptos incluídos nas seguintes facturas da empresa Thenomaq Galicia S.L. cos seguintes datos:

Nº factura	Nº pedido	Importe sen IVE
20/0034TH parcial	2020G-GEREN-0005-OB	6.650,68 €
20/0036TH parcial		9.976,02 €
<b>TOTAL OUTROS (Alugueiro andamios e vallas e persoal adicional)</b>		<b>16.626,70 €</b>

Neste apartado inclúense os gastos relativos ao alugueiro das vallas, andamios e o persoal de operación adicional, de limpeza, para a carga e descarga dos residuos, persoal do mantemento de equipos e desatascos.

En concreto inclúense os gastos recollidos nas facturas correspondentes ao pedido 2020G-GEREN-0005-OB: os gastos correspondentes a oito semanas de alugueiro de andamios e vallas e oito semanas de persoal de operación adicional para poder acometer as tarefas coa suficiente seguridade.



## 6.- Montaxe e desmontaxe:

Neste apartado recóllense os conceptos incluídos nas seguintes facturas da empresa Thenomaq Galicia S.L. cos seguintes datos:

Nº factura	Nº pedido	Importe sen IVE
20/0024TH(parcial)	2020G-GEREN-0004	69.964,24 €
20/0103TH	2020-GEREN-0006-SE	34.982,12 €
21/0028TH		34.982,12 €
<b>TOTAL MONTAXE E DESMONTAXE</b>		<b>139.928,48 €</b>

Ao tratarse dunha instalación provisional, procedeuse ao desmontaxe de toda a planta coa súa maquinaria e vestiarios .

Neste apartado inclúense os gastos relativos ao montaxe e desmontaxe da primeira onda que se recolle no pedido nº 2020G-GEREN-0004 e da segunda onda, no pedido nº 2020-GEREN-0006-SE:

- Montaxe e desmontaxe de carpa e casetas de obra para vestiarios de persoal (primeira onda).
- Conexión a servizos.
- Montaxe e desmontaxe de equipos: conductos, pretrituradora (trituradora primaria), cintas transportadoras, andamios, sistema eléctrico, iluminación, protección contra incendios e aire comprimido. (Segunda onda).
- Medios auxiliares e de elevación.



- Primeira onda (Abril-Maio 2020)**

<b>Facturas</b>	<b>Sen IVE</b>	<b>Con IVE</b>
Factura CE-O67 RECIKLA 2	24.962,40 €	27.458,64 €
Factura CE-O82 RECIKLA 2	17.250,00 €	18.975,00 €
<b>Total recollida de residuos en residencias</b>	<b>42.212,40 €</b>	<b>46.433,64 €</b>
Factura THENOMQA 20/0024TH (Parcial)	230.671,17€	279.112,12 €
Factura THENOMQA 20/0033TH	98.526,05 €	119.216,52 €
<b>Total Investimentos</b>	<b>329.197,22 €</b>	<b>398.328,64 €</b>
Factura THENOMQA 20/0037TH (Parcial)	31.416,00€	38.013,36 €
Factura THENOMQA 20/0035TH (Parcial)	31.416,00 €	38.013,36 €
<b>Total aluguer de carpa, equipos, trituradora primaria, bomba de livixiados, casetas e vestiarios</b>	<b>62.832,00 €</b>	<b>76.026,72 €</b>
Factura THENOMQA 20/0037TH (Parcial)	51.175,19 €	61.921,98 €
Factura THENOMQA 20/0035TH (Parcial)	39.892,26 €	48.269,63 €
<b>Total Operación, mantemento e limpeza da planta e desinfeccións diarias</b>	<b>91.067,45 €</b>	<b>110.191,61 €</b>
Factura THENOMQA 20/0037TH (Parcial)	6.650,68 €	8.047,32 €
Factura THENOMQA 20/0035TH (Parcial)	9.976,02 €	12.070,98 €
<b>Total Outros (Andamios, vallas e persoal adicional)</b>	<b>16.626,70 €</b>	<b>20.118,31 €</b>
Factura THENOMQA 20/0024TH (Parcial)	69.964,24 €	84.656,73 €
<b>Total Montaxe e desmontaxe</b>	<b>69.964,24 €</b>	<b>84.656,73 €</b>
<b>TOTAL</b>	<b>611.900,01 €</b>	<b>735.755,65 €</b>



- Segunda onda: de novembro de 2020 a maio de 2021**

Facturas	Sen IVE	Con IVE
Factura THENOM AQ 20/0099TH (Parcial)	10.472,00 €	12.671,12 €
Factura THENOM AQ 21/0001TH (Parcial)	41.888,00 €	50.684,48 €
Factura THENOM AQ 21/0006TH (Parcial)	41.888,00 €	50.684,48 €
Factura THENOM AQ 21/0010TH (Parcial)	41.888,00 €	50.684,48 €
Factura THENOM AQ 21/0018TH (Parcial)	41.888,00 €	50.684,48 €
Factura THENOM AQ 21/0021TH	41.888,00 €	50.684,48 €
Factura THENOM AQ 21/0027TH	41.888,00 €	50.684,48 €
<b>Total aluguer de carpa, equipos, trituradora primaria, bomba de livixiados, casetas e vestiarios</b>	<b>261.800,00 €</b>	<b>316.778,00 €</b>
Factura THENOM AQ 20/0099TH (Parcial)	13.955,00€	16.885,55 €
Factura THENOM AQ 21/0001TH (Parcial)	36.654,00 €	44.351,34 €
Factura THENOM AQ 21/0006TH (Parcial)	18.587,00 €	22.490,27 €
Factura THENOM AQ 21/0010TH (Parcial)	55.761,00 €	67.470,81 €
Factura THENOM AQ 21/0018TH (Parcial)	18.587,00 €	22.490,27 €
<b>Total operación, mantemento e limpeza da planta e desinfeccións diarias</b>	<b>143.544,00 €</b>	<b>173.688,24 €</b>
Factura THENOM AQ 20/0103TH	34.982,12 €	42.328,37 €
Factura THENOM AQ 21/0028TH	34.982,12 €	42.328,37 €
<b>Total montaxe e desmontaxe</b>	<b>69.964,24 €</b>	<b>84.656,74 €</b>
<b>TOTAL</b>	<b>475.308,24 €</b>	<b>575.122,98 €</b>

Na segunda onda hai que descontar as facturas de SOGAMA aboadas polo SERGAS que suman un total de 104.380,00€ (sen IVE), co seguinte detalle:

Data	Número de factura	Importe sen IVE	Importe con IVE
10/12/20	2020/3409	12.580 €	13.838,00 €
07/01/21	2020/3449	22.320,00 €	24.552,00 €
02/02/21	2021/0031	11.350,00 €	12.485,00 €
13/04/21	2021/0917	40.630,00 €	44.693,00 €
13/04/21	2021/0918	3.250,00 €	3.575,00 €
13/04/21	2021/0919	14.250,00 €	15.675,00 €
		<b>104.380,00 €</b>	<b>114.818,00 €</b>



**1.-3.- Orzamento total e importe a subvencionar con fondos europeos no marco do eixo REACT-UE do Programa Operativo FEDER Galicia 2014-2020 como resposta da Unión Europea á Pandemia do Covid-19, pola Dirección Xeral de Calidade Ambiental Sostibilidade e Cambio Climático:**

Actuacións	Primeira onda (Abril-Maio 2020)	Segunda onda (Novembro 20-Maio 21)	TOTAL
Recollida de residuos sanitarios en 4 residencias.	42.212,40 €	0,00 €	42.212,40 €
Investimentos	329.197,22 €	0,00 €	329.197,22 €
Operación de mantemento e limpeza e desinfeccións diarias	91.067,45 €	143.544,00 €	234.611,45 €
Aluguer de carpa, equipos, trituradora primaria, bomba de livixiados, casetas e vestiarios	62.832,00 €	261.800,00 €	324.632,00 €
Aluguer de andamios e vallas de seguridade e persoal adicional	16.626,70 €	0,00 €	16.626,70 €
Montaxe e desmontaxe	69.964,24 €	69.964,24 €	139.928,48 €
<b>Total Inversión SOGAMA</b>	<b>611.900,01 €</b>	<b>475.308,24 €</b>	<b>1.087.208,25 €</b>
<b>Facturas pagadas polo SERGAS</b>	<b>0,00 €</b>	<b>104.380,00 €</b>	<b>104.380,00 €</b>
<b>Total Financiamento da DXCASCC con fondos REACT-UE</b>	<b>611.900,01 €</b>	<b>370.928,24 €</b>	<b>982.828,25 €</b>

O valor do investimento de SOGAMA non inclúe IVE.

Na segunda onda, dentro dos gastos asumidos por SOGAMA atópanse os correspondentes aos contratos co SERGAS por un importe total de 104.380,00 €, (sen IVE), excluídos do financiamento por parte desta Dirección Xeral.

Polo tanto, por todo o exposto o importe total da subvención á empresa SOGAMA pola Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático con fondos REACT-UE ascende a novecentos oitenta e dous mil oitocentos vinte e oito euros con vinte e cinco céntimos, (982.828,25 €) nunha anualidade correspondente ao ano 2021.



## ANEXO 2.- EXENCIÓN NORMATIVA DE AXUDAS DE ESTADO

Esta subvención atópase excluída da aplicación e a normativa de axudas de Estado que se recolle no artigo 107 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea .

O Tratado de Funcionamento da Unión Europea esixe no seu artigo 107 a notificación á Comisión en virtude do artigo 108.3 do TFUE de toda axuda estatal que cumpra cos criterios do 107.1, con todo , contémplanse unha serie de excepcións para casos nos que as axudas outorgadas polos Estados a determinadas empresas non se consideran axudas de Estado, ao non implicar un falseamento da competencia nin afectar aos intercambios comerciais entre Estados membros polo que, en base ás excepcións do devandito artigo esta subvención non terá a consideración de axuda de Estado de conformidade coa Comunicación da Comisión relativa ao concepto de axuda estatal en relación ao disposto no citado artigo.

Tendo en conta:

- Que a infraestrutura que é obxecto do mesmo non está destinada a ser explotada comercialmente. A súa construción e explotación constitúe unha medida de interese público motivada pola crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.

En atención ao disposto no artigo 8 do Real Decreto Lei 21/2020 do 9 de xuño, de medidas urxentes de prevención, contención e coordinación para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 e á Disposición adicional segunda, apartado 2, do Real Decreto 646/2020, de 7 de xullo, polo que se regula a eliminación de residuos mediante depósito en vertedoiro, a autoridade competente en materia de residuos da Comunidade Autónoma autorizou a SOGAMA, en tanto que empresa pública autonómica, creada no ano 1992 polo Decreto 111/1992 da Xunta de Galicia, en virtude do artigo 55.2 do Estatuto de Autonomía de Galicia, e adscrita á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, para a xestión dos residuos hospitalarios, con carácter excepcional e provisional, en posible contacto co COVID-19 para o que SOGAMA precisou da construción dunha instalación específica e temporal para levar a cabo a trituración dos residuos sanitarios afectados polo COVID-19 con carácter previo ao seu transporte pneumático ao interior da caldeira para a súa incineración, garantindo así tanto a seguridade e a saúde dos traballadores como as condicións de emisións e parámetros establecidos na AAI.



- Que a Comunicación da Comisión relativa ao concepto de axuda estatal conforme ao disposto no artigo 107, apartado 1, do Tratado de Funcionamento da Unión Europea (2016/C 262/01) no seu apartado 7.2.1, inciso 203, dispón que o financiamento de infraestruturas que non están destinadas a ser explotadas economicamente quedan excluídas da aplicación das normas sobre axudas estatais.

As actividades específicas e temporal de xestión e tratamento de residuos sanitarios afectados polo COVID-19 non ten natureza económica, ao non consistir na oferta de bens ou servizos nun mercado (segundo a definición do Tribunal de Xustiza da Unión Europea en relación a que actividades constitúen unha actividade económica<sup>1</sup>), polo tanto queda fora do ámbito de aplicación das normas sobre axudas estatais.

Por todo o exposto, cabe concluír que a axuda que a Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda podería conceder a SOGAMA non constituiría unha axuda de Estado do artigo 107.1 TFUE.

---

<sup>1</sup> Sentencia del Tribunal de Justicia de 16 de junio de 1987, Comisión/Italia, 118/85, ECLI:EU:C:1987:283, apartado 7; sentencia del Tribunal de Justicia de 18 de junio de 1998, Comisión/Italia, C-35/96, ECLI:EU:C:1998:303, apartado 36; sentencia del Tribunal de Justicia de 12 de septiembre de 2000, Pavlov y otros, asuntos acumulados C-180/98 a C-184/98, ECLI:EU:C:2000:428, apartado 75



### ANEXO 3.- DECLARACIÓN RESPONSABLE

Don Javier Domínguez Lino, con DNI XXXXXXXXXXXXXXXX en representación da empresa Sociedade Galega de Medio Ambiente, S.A. (en diante, SOGAMA), con CIF : A-15379803, beneficiaria dunha axuda directa da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

**DECLARO**, en calidade de presidente de SOGAMA, en virtude do acordo do Consello de Administración da Sociedade con data de 11 de febreiro de 2015, exercendo as facultades atribuídas mediante a delegación de poder do propio Consello de Administración outorgado na mesma data do nomeamento como Presidente da Sociedade á que represento: Que SOGAMA cumpre cos requisitos establecidos para obter a condición de beneficiario dunha subvención pública, previstos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño , de subvenciones de Galicia.

Que dá o seu consentimento expreso para a inclusión e tratamento dos datos en cumprimento da publicidade da axuda segundo o disposto no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, así como na disposición adicional do Decreto 132/2006, de 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 de a Lei 7/2005, de 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

Que SOGAMA se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten pendente de pago ningunha outra débeda coa Administración Pública da Comunidade Autónoma, no cumprimento dos artigos 11.e) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e para iso autorizo a súa consulta por a Administración.

Que SOGAMA recibiu 4 pagos do SERGAS entre o 10 do decembro de 2020 e o 13 de abril de 2021, por un total de 114.818,00 euros, con IVE, polo tratamento de residuos sanitarios, tal como se reflicte nas correspondentes facturas do Anexo 1.

Que SOGAMA ten capacidade administrativa, financeira e operativa suficiente para cumprir as condicións do convenio segundo o establecido no artigo 125.3.d do RDC.

Santiago de Compostela a ----- , de ----- de 20

